


violencia de xénero



Trátase dunha violencia que afecta ás mulleres polo mesmo feito de selo.

Constitúe un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicológico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

(Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

O concepto "violencia de xénero" dá nome a un problema, que ata hai pouco, formaba parte da vida privada das persoas; era considerado un asunto de familia que non debía transcender de portas para fóra e, polo tanto, no que non se debía intervir. Entender a violencia como un asunto privado reforza ás mulleres a unha situación de subordinación respecto do home e implica asumir as relacións de poder historicamente desiguais entre ambos e a través das cales se lexitima ao home a manter o seu status-quo da dominación incluso a través da violencia. Esta percepción contribúe a que as mulleres non denunciaren a súa situación por medo, vergoña ou culpabilidade.

A discriminación das mulleres e a violencia de xénero (como a manifestación máis brutal das desigualdades entre homes e mulleres) é un problema que traspasa fronteiras e que está presente na maior parte dos países do mundo coa particularidade de que as vivencias do maltrato son enormemente parecidas en todos os lugares e culturas.

Deben lembrarse que a violencia é unha estratexia de relación aprendida, non é innata. Se isto fose así, todas as persoas serían violentas ou todas as persoas exercerían a violencia da mesma maneira e no mesmo grao; sen embargo, non sempre a empregamos nas nosas relacións: falamos, negociamos, pactamos, tratamos de comprender o punto de vista da outra persoa e finalmente chegamos a un acordo, aínda que non obteñamos o que en principio queríamos.

Os maltratadores son selectivos no exercicio da violencia, o que demostra que son capaces de controlarse en calquera outra situación.

Formas de violencia psicolóxica contra as mulleres

Insultos (expresión como: estás louca, es unha histérica, ignorante, atrasada, fea); **menosprezos** (expresións como: non serves para nada, non es capaz de facer nada ben, mala nai, se non fose por min onde irías?..); **intimidacións / ameazas** (expresións como: voute matar, vaite da casa, vouche quitar os/as nenos/nenas, voute fundir..); **abuso de autoridade** (por exemplo: rexistra as túas cousas, revisa o teu correo, preguntas cousas como "con quen estivestes hoxe?", chegastes 10 minutos tarde...); **falla de respecto** (non respecta as túas necesidades, sentimentos, opinións, desexos e manipula o que dis, destrúe obxectos de especial valor para ti, ignora a túa presenza, desautorízate diante dos nenos/nenas..); **esixir obediencia** (non quere que a muller traballe fóra da casa, non quere que estude, quere que se vista como el quere, contrólalle o tempo, pregúntalle "a que hora chegas?", dille "quita esa roupa e vístete como Deus manda"...); **utilización das fillas e fillos** (ameaza con quitarlle as/os menores, ameázaos e maltrátaos, obrígalle a que fagan de espías, culpabiliza constantemente á nai); **castigar co silencio e incomunicación** (o silencio reiterado pode chegar a ferir tanto como as palabras); **culpabilizar** á muller de todo o que ocorre na casa de modo que ao final ela pensa que é a culpable de todas as situacións de tensión; **amosar celos** (acusar constantemente de ser infiel e coquetear con outros homes, impedir relacións con amigos/as e familiares, illar a muller de toda a súa contorna...).

Formas de violencia contra as mulleres

- **Violencia física.** Inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano.
- **Violencia psicolóxica.** Inclúe toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento. O maltrato psíquico é o máis difícil de detectar, dado que as súas manifestacións poden adquirir gran sutileza; non obstante, a súa persistencia no tempo deteriora gravemente a estabilidade emocional, destruindo a autoestima e a personalidade da muller.
- **Violencia sexual e abusos sexuais.** Inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.
- **Acoso sexual.** Inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, nas que o suxeito activo se vale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga, co anuncio expreso ou tácito á muller de causarlle un mal relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da devandita relación, ou baixo a promesa dunha recompensa ou dun premio no ámbito desta.
- **O tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación.** Inclúe a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, especialmente de mulleres e nenas, que son as súas principais vítimas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ou rapto, ou fraude, ou engano, ou abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou a concesión ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra, con fins de explotación
- **Violencia económica.** Inclúe a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella. O maltratador considera que a muller é incompetente e que non administra ben ou gasta os cartos en cousas innecesarias, polo que non pode tomar decisións sobre o destino do gasto.

Plan de seguridade

Cando se produza ou creas que se pode producir unha nova agresión:

- Evita estar en lugares nos que o agresor poida acceder a obxectos perigosos, como a cociña.
- Permanece nunha habitación fóra do alcance do agresor e próxima á porta da rúa co fin de facilitarche a saída do domicilio.
- Refúxiate coas túas fillas e fillos na casa dun veciño/a.
- Pecha todas as entradas se o agresor saíu do lugar.
- Inventa unha linguaxe de signos ou sinais que che permita comunicarlles aos teus fillos/as o momento no que deben saír do domicilio familiar e acudir á casa dun veciño ou veciña onde poidan refuxiarse e pedir axuda.
- Pon en coñecemento dalgún veciño/a da túa confianza a túa situación e pídlle que chame á policía no momento en que oia calquera suceso violento no domicilio familiar.
- Pensa no domicilio dalgunha persoa amiga ou familiar onde refuxiarte ata que non exista risco e poidas regresar ao teu domicilio. Se non contas con ningunha persoa que poida axudarche, localiza con anterioridade o enderezo e o teléfono dos servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero onde poderás pedir axuda e un aloxamento de urxencia.
- Teléfono de información ás mulleres: **900-400-273**.
- Ensínalles aos teus fillos/as a marcar o teléfono de urxencias (**112**) onde poderás solicitar o auxilio da policía, garda civil, servizos médicos de urxencias...

Por que a tantas mulleres lle resulta difícil saír dunha situación de violencia de xénero?

O maltrato é un proceso cíclico que se inicia pouco a pouco, como un goteo de pequenos episodios que parecen insignificantes pero que non o son.

O ciclo comeza cunha primeira fase de **Acumulación** da tensión (agresións verbais e psíquicas) na que a vítima vai percibindo como o agresor vai volvéndose máis susceptible, respondendo con máis agresividade e encontrando motivos de conflito en cada situación.

Unha segunda fase supón o **Estalido da tensión**, na que a violencia se volve máis virulenta, dando cabida á agresión física.

Na terceira fase, denominada **Lúa de Mel** ou Arrepentimento, o agresor pide desculpas á vítima, e trata de amosar o seu arrepentimento. Esta fase vaise reducindo co tempo, sendo cada vez máis breve ata desaparecer.

Este ciclo, no que ao castigo (agresión) séguelle o episodio de arrepentimento ("non volverá ocorrer", "todo cambiará"...) alimenta a ilusión do cambio. Isto pode axudar a explicar a continuidade da relación por parte da muller nos primeiros momentos da mesma. Ao mesmo tempo que o agresor amosa o seu arrepentimento, pode ocorrer que simultaneamente escuse a súa conduta culpabilizando á vítima (se ti non fixeras ... eu non o faría) de modo que a muller acaba dubidando de calquera cousa que fai ou pensa; en definitiva, acaba dubidando dela mesma.

Se estás en perigo chama á Policía (091), ou á Garda Civil (062) e solicita axuda.

Tamén podes chamar ao Teléfono de Emerxencias 112, é gratuíto e funciona mesmo sen cobertura.

Para informarte tamén podes chamar ao Teléfono de Información ás Mulleres 900 400 273, ou ao 016. Son servizos gratuítos e anónimos.

Podes acudir persoalmente a solicitar información aos Centros de Información ás Mulleres máis próximo ao teu domicilio, ou aos servizos sociais do teu Concello.

Recomendacións ante unha situación de maltrato

Lembra que ningunha muller debe permanecer nunha relación na que non se sinta respectada como persoa nin se lle recoñeza como igual.

Podes buscar axuda nos Centros de Información ás Mulleres e asociacións especializadas que che informarán e apoiarán nas actuacións que debes levar a cabo.

Se aínda non tomaches a decisión de saír da situación de violencia ou se xa o decidiches pero aínda convives co agresor, convén que sigas algunhas recomendacións para reducir o perigo de posibles agresións e para actuar no caso de que se produza un novo episodio violento.

Material financiado con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad (Secretaría de Estado de Igualdad).

Como previr a violencia de xénero.

Educar aos nenos e nenas, desde as idades máis temperás, nunha cultura centrada na **resolución pacífica de conflitos**, fomentar a **empatía** e desenvolver unha **autoestima** equilibrada, son principios que favorecen a desaparición dos **prexuízos de xénero** que se dan xa desde a escola.

Eliminar ao máximo os estereotipos transmitidos pola cultura patriarcal; polo tanto, ensinar a **'ser persoa'** en lugar de ensinar a "ser home" ou a "ser muller" e así desterrar mitos como que a agresividade é un trazo masculino, ou pola contra, a submisión, o silencio, a obediencia... son trazos femininos, son obxectivos da coeducación.

TELÉFONO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES
900 400 273

GARDA CIVIL 062
POLICÍA LOCAL 092
EMERXENCIAS 112
URXENCIAS 061

CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA
986 52 70 80

Material informativo elaborado en base á información publicada en <http://igualdade.xunta.gal>, sobre violencia de xénero, como material complementario ás actuacións de prevención da violencia de xénero e os cursos de autoprotección para mulleres na Illa de Arousa.